



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE DECEMBRO DE 2018**

### **FAVORABLES.-**

**LIC/1519/2018.- CECILIA GARCÍA SANCHEZ.-** Conceder licenza para executar as obras de reforma de vivenda e dependencias anexas na rúa Chouchiños nº 27.

**LIC/1689/2018.- MARCOS LAMAS CASAS.-** Conceder licenza para executar obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente no lugar de Rebordaos.

**LIC/1392/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO CONDE Nº 20 A E B.-** Conceder licenza para a instalación de 4 ascensores nos portais 20 A, 20 B e 1C no edificio situado na rúa Carreira do Conde nº 20 A.

### **DESFAVORABLE.-**

**LIC/738/2018.- ROSA MARÍA DE LA TORRE GARCÍA.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto por dona Rosa María de la Torre García contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 05/10/2018 ó non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en tódolos seus termos.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de 4 ascensores nos portais 20A, 20B e 1C no edificio sito na rúa Carreira do Conde, 20 A. LIC/1392/2018. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de vivenda e dependencias anexas na rúa Chouchiños nº 27. LIC/1519/2018. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente no lugar de Rebordaos. LIC/1689/2018. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de data 05/10/2018 no expediente LIC/738/2018. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á prórroga do "Servizo de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Ferrovial Servicios S.A polo prazo dun ano, a contar desde o 15 de decembro de 2018.**

**7.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.**

**8.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o MUSEO DO POBO GALEGO 2018. Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 30.000 euros.**

**9.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN**

**CULTURAL CIDADE VELLA 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 20.000 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN CULTURAL ROCHA FORTE 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 3.000 euros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN CULTURAL O GALO 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 2.000 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o PADROADO DA CASA DA TROIA 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 3.600 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 4.000 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o CURSO UNIVERSITARIO INTERNACIONAL MÚSICA EN COMPOSTELA 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 5.000 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o ATENEO DE SANTIAGO 2018.** Apróbase a xustificación do convenio, que contempla unha subvención nominativa de 20.000 euros.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Comercio dando conta dunha corrección de erro no punto nº 19 da sesión de 9.novembro.2018, de devolución de garantía definitiva no expediente da instalación dunha pista de xeo na Alameda 2015/2016.** Apróbase a proposta.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das bases reguladoras dos premios "SANTIAGO DEPORTE 2018".** Apróbanse as bases dos premios "Santiago Deporte" que teñen como obxectivo recoñecer publicamente as persoas, entidades, centros educativos ou empresas que polo labor desenvolvido ao longo da tempada 2017/2018 ou no ano 2018 contribuíran positivamente ao fomento da práctica da actividade física e do deporte entre a poboación compostelá. Os premios, que se entregarán nun acto público que se desenvolverá inicialmente no primeiro trimestre de 2019, convocaranse en oito categorías:

- \_Deportista feminina
- \_Deportista masculino
- \_Entidade deportiva máis destacada
- \_Adestrador/a máis destacado/a
- \_Patrocinio deportivo
- \_Actividade ou acción social
- \_Entidade educativa
- \_Premio honorífico á traxectoria deportiva

**18.- Dar conta pola Alcaldía da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña para a posta en marcha do espazo educativo e de lecer MARÍA MIRAMONTES.** Dáse conta.

**19.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da concesión dunha subvención pola Xunta de Galicia para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.** Dáse conta da concesión dunha subvención da Consellería de Política Social por un importe total de 143.778,72 euros

**20.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a USC para realizar un estudio controlado aleatorizado sobre a eficacia dunha intervención cognitivo-conductual por APP para smartphones para cuidadores con síntomas depresivos. Dáse conta.**

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e o Concello de Santiago para a execución dunha parada de autobús na rúa Clemente Fernández Sarela suscrito o 25de setembro de 2018. Apróbase a proposta.**

**2.-Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.**

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato do Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica. (Lote 1: viarios con pavimentos asfálticos. Lote 2: viarios con pavimentos non asfálticos. Lote 3: viarios sen pavimentos de rodaxe específicos). Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Obras y Viales de Galicia SL, polos seguintes importes:**

**\_Lote 1: 549.999,99 euros en 2019 e 549.999,99 euros en 2020**

**\_Lote 2: 299.999,99 euros en 2019 e 299.999,99 euros en 2020**

**\_Lote 3: 149.999,99 euros en 2019 e 149.999,99 euros en 2020**

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato para a Ampliación e mellora da plataforma de rodadura do viario de acceso a Lamascal. Acórdase adxudicar o contrato de referencia á empresa Nexia Infraestructuras por un importe de 92.582,21 euros, IVE incluído. Esta actuación está cofinanciada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cunha achega de 33.489,50 euros.**

**5.-Proposta do concelleiro de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do contrato do Proxecto básico e de execución do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros do CEIP das Fontiñas. Acórdase adxudicar o contrato de referencia á empresa CYS Hispania SL por un importe de 105.958,1 euros, IVE incluído.**

**6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde do proxecto de Rehabilitación para centro BTT da escola unitaria de Amio. Apróbase a proposta.**

**7.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde do proxecto de traballos de urbanización e mellora medioambiental no Polígono do Tambre. Apróbase a proposta.**

**8.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do texto do convenio entre a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación e o Concello de Santiago para o desenvolvemento de programas de formación, fomento da cultura emprendedora e apoio á mellora empresarial no Concello de Santiago. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 15.000 euros.**

**9.-Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase a proposta.**

**10.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á transferencia da segunda achega do Concello de Santiago para o desenvolvemento do programa de Cidades Intelixentes da Axencia Dixital para España, segundo o convenio asinado no ano 2016 entre os concellos de Santiago, A Coruña, Madrid e Zaragoza e a**

**entidade pública empresarial Red.es.** Apróbase a transferencia da segunda achega (2018) por un importe de 99.999,90 euros, correspondente ao 50% do custo da iniciativa.